

Lampíricos _ Antón Lopo

> *Lampíricos*
é un traballo de Antón Lopo.

- > Deseño Gráfico: Manolo Martínez.
- > Fotografía: Tono Arias.
- > Música: David Granha e Pixi Arnoso.
- > Iluminación: María Salvado, Vicente Silvalde, Miguel Ángel Arce e Antón Lopo.
- > Vídeos: Xoán Villar, Manolo Martínez e Antón Lopo.
- > Melodía de 'Bícame': Davide Salvado.
- > Coreografía de 'Eu falo de corpos': Eloy Corgontón.
- 'Os poetas sufís' baixo a dirección de Carlos Neira.
- > Tutú: Luísa Iglesias

> Exposición: 19 abril ao 20 de maio 2013
> Performance: 22 ao 28 de abril ás 21.00 h

> Galería Dispara - A Estrada







O proxecto

Palabra e luz. Corpo e poesía. Espazo e atmosfera. Performance e acción. Sobre todo, preguntas: preguntas sucesivas que tecen unha estrutura inquietante. Antón Lopo comezou a traballar en *Lampíricos* –a súa nova proposta oral tras a convulsión de *Prestidixitador*– sobre uns textos elaborados nunha longa estadía en Essaouira, un dos banzos fortes do sufismo marroquí. Desá experiencia, e da deriva que atopa ao seu regreso, xurden textos que indagan nunha contemporaneidade quebrada, cun corpus social rebentado e unha aturdida parálise individual. Pero *Lampíricos* non é soamente a crónica dese saqueo, senón tamén unha paisaxe de impulsos e sentimentos que atrapa o espectador-lector nunha acción implacable.

A acción

Adéntrase no espazo un home que camiña coa súa propia luz. O son ambiental delimita as arestas do discurso: “*Este é o noso exilio*”. O home preséntase como un “*poeta disconforme, dismoderno*” e, polo que di, acompañaño “*fumadores, mestres sufis, mulleres en loita*” ou seres que se alimentan de “*maxia e hurís*”. A partir dese instante, o home comeza a desenvolver as voces que oíu durante a súa propia desaparición, nunha viaxe que ás veces é un combate e, outras veces, unha prácida tarde de Martinis. Pero ¿Como visten os poetas dismodernos? ¿Que comen os poetas dismodernos? ¿Onde viven os poetas dismodernos? ¿Cerca dos basureiros, nas trincheiras ou nos pisos de luxo? ¿É certo que os poetas dismodernos combaten identidades integradoras que os integran en identidades que non queren ser? A estas cuestións el responde: “*Estou aquí pola urxencia, iles están armados*”. Discotecas, hospitais, campos de batalla, saunas, eremitarios de resistencia, o Serengueti, Pontevedra, Compostela... Os espazos e as personaxes superpóñense como se superpoñen os soportes, os movementos e as cicatrices desta acción que non deixará a ninguén indiferente. “*Eu*”, di o home, “*falo de corpos. Iles de armaduras*”.



> Lampíricos Antón Lopo

Lampíricos
é un traballo de Antón Lopo.

Deseño Gráfico: Manolo Martínez.

Fotografía: Tono Arias.

Música: David Granha e Pixi Arnos.

Iluminación: María Salvado, Vicente Silvalde, Miguel Ángel Arce e Antón Lopo.

Vídeos: Xoán Villar, Manolo Martínez e Antón Lopo.

Melodía de ‘Bíceme’: Davide Salvado.

Coreografía de ‘Eu falo de corpos’: Eloy Corgontón.

‘Os poetas sufís’ baixo a dirección de Carlos Neira.

Tutú: Luísa Iglesias

O autor

Lampíricos é a nova proposta de Antón Lopo, alcume baixo o que traballa unha das voces máis radicais da poesía galega actual, un creador que abrangue na súa obra a performance, o xornalismo, a novela, o teatro ou o activismo cultural. Deuse a coñecer co poemario *Sucios e desexados* (1988), ao que seguiron *Manual de masoquistas*, *Om*, *Pronomes*, *Fálame* ou o *Libro dos amados*. Premio García Barros de novela por *Obediencia*, neste xénero publicou tamén *Ganga* ou *As reliquias*. A súa peza dramática *Os homes só contan ata tres* (Premio Álvaro Cunqueiro de teatro) foi levada a escena por A Factoría, baixo a dirección de Cristina Domínguez. Como biógrafo, ocupouse de Fermín Bouza Brey, Lourenzo Varela, Uxío Novoneyra e Lois Pereiro, estes tres últimos baixo os títulos *As tres mortes de Lourenzo Varela*, *A distancia do lobo* e *A palabra exacta*, publicados por Galaxia. O seu traballo performático arrinca de finais dos anos oitenta con obras compartidas canda Alberto e Manel Rodeiro. No 2002, realiza na galería Trinta a exposición *Accións*, que desenvolve xunto a unha serie de performances, entre elas *O Lugar*, na que mediu Compostela a partir do seu corpo. No 2005, a Casa da Parra (Compostela) acolle o resultado de tres anos de investigación poética en *Dentro*, unha mostra na que trataba de demostrar a envolverencia inerente provocada pola poesía.

O equipo

En *Lampíricos*, conflúen varias das liñas de traballo que Lopo despregou nos últimos anos: desde a oralidade e a poesía textual, á videocreación e a poesía conceptual, pasando pola performance ou a lírica salvaxe. A obra inclúe varios traballos performáticos do autor, algúns inéditos como *Acarexei os muros da miña patria* ou avances do seguimento transxénero que actualmente realiza con Mauricio González (Celeste). *Lampíricos*, porén, non é o expoñente individual senón o resultado dun esforzo comunal ao que contribuíron David Granha na música, Manolo Martínez no deseño gráfico, Tono Arias na fotografía, Pixi Arnos e Xoán Villar no labor videográfico, María Salvado na iluminación, Eloy Corgo na coreografía, o músico Davide Salvado, Carlos Neira, Miguel Ángel Arce, Pumpún Dixital, Xosé Luís Salgado López, Mauricio González Carme Breixo, Soedade Noia e Luísa Iglesias.

A exposición

Con motivo da intervención, a galería Dispara realiza unha mostra sobre algúns dos traballos realizados polo autor, ao tempo que presenta obras recentes. Neste apartado aparecen, precisamente, a serie fotográfica *Lapíricos*, realizada xunto a Tono Arias e Manolo Martínez. Ademais, inclúese *Celeste*, serie relacionada coa intervención que Lopo realiza actualmente con Mauricio González. A exposición presenta, no seu percorrido, pezas da serie *Accións* -desenvolvida na galería Trinta-, da experiencia *Dentro* -exhibida na Casa da Parra- e doutros traballos que se puideron ver en diferentes espazos.